




Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

Resumo executivo. Ano 2010



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia



OBSERVATORIO
da Sociedade da Información
e da Modernización
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA



Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia Resumo executivo. Ano 2010

1. Caracterización das empresas TIC galegas
2. Actividades de I+D+i, certificacións de calidade e innovación
3. Equipamento das empresas TIC
4. Interacción coas Administracións Públicas e Sinatura Dixital
5. Comercio electrónico
6. Formación
7. Percepción actual e prospectiva de mercado




Presentación


Neste documento amósanse os principais resultados da “Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia. Ano 2010”.

Esta enquisa foi elaborada polo OSIMGA, no marco da encomenda realizada pola Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica á Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia. Este proxecto forma parte das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital 2014.gal da Xunta de Galicia

1. Caracterización das empresas TIC galegas




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos INE. Anos 2007-2010
Nota: No ano 2009 produciuse a adaptación á nova clasificación europea (NACE Rev. 2) e á versión española da mesma (CNAE 2009). Isto pode provocar desviacións na evolución dos indicadores.



ACTIVIDADE PRINCIPAL DA EMPRESA

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA


O número de empresas do sector TIC de Galicia ascende a 1.767 e experimentou un crecemento do 14,6% no período 2009 - 2010. Galicia é a sétima Comunidade Autónoma con maior número de empresas do sector TIC

Preto da metade das empresas TIC galegas adócanse ás actividades informáticas e un cuarto desenvolve actividades comerciais.

1. Caracterización das empresas TIC: Emprego

NÚMERO DE EMPREGADOS / AS DO SECTOR TIC DE GALICIA. ANOS 2007 - 2010

(Base: Total de empresas TIC)




O nivel de emprego no sector TIC situouse no ano 2010 nos 15.851 traballadores/as, o que representa o 1,57% da poboación ocupada galega, porcentaxe similar á do ano anterior (1,59%).

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos facilitados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Anos 2007-2010

DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DOS TRABALLADORES / AS

(Base: Total de empresas TIC)



Tan só o 28,1% do persoal das empresas TIC galegas son mulleres, fronte ao 71,9% que son homes.

Fonte: OSIMGA

1. Caracterización das empresas TIC: Perfil do traballador / a

DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DAS FUNCIÓNS DE TRABALLADORES/AS

Funcións desenvolvidas	XÉNERO (%)		Total
	Homes	Mulleres	
Dirección	84,8	14,9	100,0
Persoal comercial e marketing	72,5	27,5	100,0
Persoal de redes e telecomunicacións	80,9	19,1	100,0
Persoal de informática	77,4	22,6	100,0
Persoal de electrónica	75,8	24,2	100,0
Persoal de deseño, contidos e comunicación	66,5	33,5	100,0
Persoal de administración	36,8	63,2	100,0
Outros	70,5	29,5	100,0


Base: empresas TIC con traballadores/as por conta allea
Fonte: OSIMGA

Os homes teñen maior presenza en todos os postos da empresa TIC, agás nos administrativos, de maior presenza feminina.

O 34,9% das empresas TIC galegas consideran doado ou moi doado atopar o perfil que precisan á hora de contratar persoal con formación TIC, fronte ao 29,2% que o considera difícil ou moi difícil.

VALORACIÓN DA BUSCA DE PERFIL PARA CONTRATAR PERSOAL CON FORMACIÓN TIC


(% empresas TIC con traballadores / as por conta allea)



Fonte: OSIMGA

1. Caracterización das empresas TIC: Volume de negocio

ESTIMACIÓN DO VOLUME DE NEGOCIO DAS EMPRESAS TIC NOS TRES ÚLTIMOS ANOS



Fonte: OSIMGA

DISTRIBUCIÓN DO VOLUME DE DE NEGOCIO SEGUNDO O EMPRAZAMENTO DOS CLIENTES DURANTE O ANO 2010

% de distribución xeográfica da cifra de negocio


Galicia	Resto de España	Resto da Unión Europea	Resto do mundo
87,8	9,8	0,6	1,7

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

O volume de negocio das empresas TIC galegas superou os 2.200 millóns de euros no ano 2010. Un 87,8% do volume de negocio corresponde a clientes galegos. Os principais clientes das empresas TIC galegas son as empresas adicadas ao sector servizos e as empresas con menos de 10 asalariados / as.

TIPOLOXÍA DE CLIENTES SEGUNDO A SÚA ACTIVIDADE ECONÓMICA


(% empresas TIC que teñen como clientes outras empresas)



Fonte: OSIMGA

TIPOLOXÍA DE CLIENTES SEGUNDO O SEU NÚMERO DE EMPREGADOS/AS

(% empresas TIC que teñen como clientes outras empresas)




Fonte: OSIMGA

2. Actividades de I+D+i, certificaciones de calidad e innovación

EMPRESAS TIC QUE REALIZARON ACTIVIDADES RELACIONADAS CO I+D+i

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Un 24,5% das empresas TIC galegas desenvolveron actividades de I+D+i no ano 2010.

DISPOSICIÓN DE CERTIFICACIÓN DE CALIDADE

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Un 13,1% das empresas TIC galegas dispoñen de certificación de calidade.

EMPRESAS TIC QUE REALIZARON INNOVACIÓNS NO PERÍODO 2008 - 2010


(% empresas TIC)

Introducción de bens novos ou mellorados



Fonte: OSIMGA

Introducción de servizos novos ou mellorados




Fonte: OSIMGA

Un 42,1% das empresas TIC introduciu innovacións nos seus bens e un 34,1% incorporou servizos novos ou mellorados durante o período 2008-2010.

3. Equipamento das empresas TIC

EQUIPAMENTO TIC

(% empresas TIC)




Os equipamentos con maior presenza nas empresas TIC son o ordenador, seguido da rede de área local (LAN) e a telefonía móbil para uso empresarial.

Pola contra as menos presentes nas empresas TIC son a Extranet e a Videoconferencia.

Fonte: OSIMGA

FERRAMENTAS INFORMÁTICAS

(% empresas TIC)




As ferramentas informáticas máis estendidas entre as empresas TIC galegas son as relacionadas coa xestión de clientes e provedores, a xestión administrativa de vendas e compras e a xestión contable e financeira.

Fonte: OSIMGA

3. Equipamento das empresas TIC: Intercambio automatizado de información

INTERCAMBIO AUTOMATIZADO DE DATOS


(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

RECEPCIÓN DE FACTURAS ELECTRÓNICAS


(% empresas TIC que intercambiaron
automatizadamente datos)



Fonte: OSIMGA

ENVÍO DE FACTURAS ELECTRÓNICAS


(% empresas TIC que intercambiaron
automatizadamente datos)



Fonte: OSIMGA

FERRAMENTAS INFORMÁTICAS

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

Un 39,9% das empresas TIC galegas intercambia datos de xeito automatizado. Destas empresas, un 75,8% recibe facturas electrónicas e un 59,5% envíaas.


Isto supón que, sobre o total de empresas: un 30,2% recibe facturas electrónicas e un 23,2% envíaas.

A dispoñibilidade de ERP e CRM nas empresas TIC galegas sitúase arredor do 20%.

4. Interacción coas Administracións Públicas e Sinatura Dixital

INTERACCIÓN COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

(% empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA


TIPO DE INTERACCIÓN	Si (%)	Administracións (% sobre as empresas que interactuaron coas AAPP para...)			
		Xunta de Galicia	Admon Xeral do Estado	Concellos	Ns / nc
Para obter información	53,4	67,2	66,5	39,0	6,9
Para obter impresos e formularios	48,8	71,0	63,7	37,0	10,0
Para devolver impresos cumprimentados	41,0	56,3	68,9	24,1	8,5
Para a xestión electrónica completa	35,6	54,0	70,6	24,4	9,3
Para presentar unha proposta comercial a licitación pública	12,3	57,4	37,6	45,6	22,0

Base: Empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet

Fonte: OSIMGA

UTILIZACIÓN DA SINATURA DIXITAL

(% empresas TIC que dispoñen de acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA


Un 57,8% das empresas TIC galegas que dispoñen de Internet, utilízanos para interactuar coas Administracións Públicas.

O fin principal desta interacción é a obtención de información, impresos e formularios. A Administración coa que máis se relacionan a través de Internet para obter información, impresos e formularios é a Xunta de Galicia.


Un 38,1% das empresas TIC galegas con conexión a Internet emprega a sinatura dixital, fundamentalmente para relacionarse coas Administracións Públicas.

5. Comercio electrónico

REALIZACIÓN DE COMPRAS A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO.




REALIZACIÓN DE VENDAS A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO.



Un 65,6% das empresas TIC galegas realizaron compras a través do comercio electrónico no ano 2010. A porcentaxe de empresas TIC que venderon a través de comercio electrónico foi do 25,1% no ano 2010. As empresas TIC venden os seus produtos ou servizos maioritariamente en Galicia (60,2% das vendas electrónicas) e no resto de España (34,5%)

MOTIVOS PARA NON VENDER A TRAVÉS DO COMERCIO ELECTRÓNICO NO ANO 2010

(% empresas TIC que non venderon a través de comercio electrónico)




O principal motivo para non vender a través de Internet é a percepción de que os seus produtos ou servizos non son axeitados para a venda a través da Rede.

6. Formación

FORMACIÓN EN TIC DOS TRABALLADORES / AS NO ANO 2010

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Un 31,7% das empresas TIC galegas levou a cabo accións formativas en TIC no ano 2010.

As principais áreas de interese en formación TIC son: a administración de sistemas operativos, seguridade informática, protección de datos e redes e sistemas de telecomunicacións.

ÁREAS DE FORMACIÓN TIC DE INTERESE

(% empresas TIC interesadas en facilitar formación en TIC)




Fonte: OSIMGA

7. Percepción actual e prospectiva de mercado

PERCEPCIÓN DA SITUACIÓN DA SÚA EMPRESA


(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

CARACTERIZACIÓN DO MOMENTO NO SECTOR TIC

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA


Un 35,3% das empresas TIC galegas considera que a súa empresa está nun proceso de consolidación e un 51,3% ten a percepción de que o sector TIC están nunha fase de consolidación ou expansión.

Preto dun terzo das empresas TIC galegas (31,7%) confía en que a tendencia de evolución futura do seu sector nos tres próximos anos será expansiva, a escasa distancia das que cren que será estable (30,4%). O 16,2% espera unha tendencia recesiva.

TENDENCIA DE EVOLUCIÓN DAS EMPRESAS TIC

NOS PRÓXIMOS TRES ANOS

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA



Ficha Técnica da enquisa

Ámbito: Galicia

Universo: Sociedades e persoas físicas con actividade en Galicia, adicadas a actividades relacionadas coas Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC).

Considérase a seguinte definición do Sector TIC (empregada por INE, Eurostat e OCDE): Manufactureiras TIC (26.11, 26.12, 26.20, 26.30, 26.40, 26.80), Comerciais TIC (46.51, 46.52), Telecomunicacións (61.10, 61.20, 61.30, 61.90), Actividades informáticas, portais web e procesamento de datos (62.01, 62.02, 62.03, 62.09, 63.11, 63.12) e outros Servizos TIC (publicacións TIC -58.21, 58.29- e reparación de ordenadores -95.11, 95.12-).

Tipo de enquisa: Entrevista autoadministrada vía web con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou persoalmente para a súa cobertura.

Tamaño da mostra: 412 entrevistas.

Afixación: Polietápica: estratificada proporcional en primeira fase, en base ao volume de emprego e actividade; nunha segunda fase selección aleatoria da empresa dentro de cada un dos estratos definidos en cada submostra.

Erro mostral: Cun nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas) e $p=q=0,5$ como caso máis desfavorable, a marxe de erro mostral para o conxunto da mostra é de $\pm 4,39\%$.

Traballo de campo: do 18 de marzo ao 20 de abril de 2011.



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia



OBSERVATORIO
da Sociedade da Información
e da Modernización
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA